



Editorial

O programa de AGA do ano 2019 intenta responder ás necesidades das nosas abellas, da nosa apicultura e dos apicultores e apicultoras.

O futuro non está claro: agricultura que contamina, cambio climático, especies exóticas invasoras etc. forman un conglomerao de dificultades que non deixan ver o final do túnel.

Pero o que si está bastante claro é que as abellas son necesarias para a polinización e os produtos das abellas cada vez son máis demandados nunha alimentación saudable.

Pois entón os abelleiros e as abelleiras e as súas organizacións deben facer todo o posible por acadar un futuro máis certo para a nosa querida actividade.

A formación faise imprescindible neste novo contexto. Neste Correo Apícola vai un programa completo para que vos animeades a participar, tamén van novidades que se van implantar este ano, como o Laboratorio de Produtos Apícolas, o Concurso de Meles do País etc.

Por un ambiente saudable para as nosas abellas, por unhas boas colleitas, recibide os mellores desexos da directiva de AGA para este ano 2019.

Da velutina aínda sabemos pouco

Por Suso Asorey

O oso era o animal máis mediático ata que chegou a velutina e colleulle o posto. Será porque mete medo? Todo o mundo fala dela ata o punto de nomeala polo seu nome latino *Vespa velutina*, mais non é unha avés. En Francia chegou antes e chámanlle o frelon asiatique. Aquí hai quen intenta que se chame tártago das patas amarelas, tal como é, pero a poboación resístese e prefire falar en latín. Por que xera tanto I+D caseiro? Será por resolver un problema que nos afecta a todos? Será por interese económico persoal? E aínda haberá quen o faga por afán de notoriedade. Probablemente ningún outro problema apícola xerou tanto emprendemento na nosa terra.

Namentres, a Xunta móstrase pasiva, non saben que facer, agardan que a natureza resolva o problema, non cren na investigación, non reciben os afectados e afectadas, din que hai que convivir, que é tanto como dicir que cada un faga o que poida... A solución aínda non a temos, temos moitas incertezas e poucas seguranzas pero temos un bo número de emprendedoras que están a facer cousas que precisarían da investigación traballando ó noso carón, que vén sendo que se precisan medios económicos.

O trampeamento primaveral para capturar raíñas sería a medida máis eficaz agora mesmo. Para isto habería que investigar atraentes específicos, feromonas ou calquera método de loita biolóxica que poida axudar. As arpas eléctricas están sendo profusamente investigadas polas persoas abelleiras, pero son caras, polo que a Xunta deberíaas de subvencionar.

Sempre nos queda a esperanza de que as aves atopen unha fonte de alimento nos niños da *Vespa velutina*, para o que é moi importante non utilizar velenos para eliminar os niños (e, de ser o caso, sempre proceder a retiralos), xa que podemos prexudicar este remedio natural. Pero como non sabemos se será así ou cando será, o máis recomendable é non quedar de brazos cruzados como parece que recomenda a Xunta de Galicia.

A Plataforma STOPVELUTINA debe seguir presionando a Xunta para que mude a súa pasividade e escoite as propostas dos sectores afectados. AGA vai facer unha xornada sobre este tema en Allariz o día 30 de marzo e unha concentración diante da Delegación da Xunta en Ourense o día 4 de abril para que nos fagan caso.

Vide todas e todos.

máis sobre *Vespa velutina*, páx. 9

30 de marzo

**Xornada *Vespa velutina*
en Allariz**

4 de abril

**Mobilización Stop *velutina*
en Ourense**

Programa
formación
2019

Actividades
DAGAs

Vespa
velutina

AGA Informa

ASEMBLEA XERAL DE AGA

O pasado 9 de febreiro celebrouse en Arzúa a Asemblea Xeral de AGA, na que se explicou o programa realizado no 2018 xunto co estado de contas, que pode consultar calquera socio ou socia na sede de AGA, e presentouse o programa de actividades para desenvolver no 2019 co seu orzamento.

RESUMO ACTIVIDADES AGA 2018

1.600 socios e socias / 132 altas

Información e asesoramento

En Arzúa (de luns a venres de 10 a 14 h e de 16 a 18 h) / Correos apícolas / Circulares informativas / Emails informativos AGA INFORMA / web e facebook.

Publicacións

Abelleira especial 40 anos (enviada en xaneiro 2019).

Formación

Cursos básicos, especialización, xornadas técnicas e charlas. Participación 665 alumnos/as.

Escola Galega de Apicultura: Curso básico e cursos de especialización. Participación 135 alumnos/as.

Xornadas e feiras

Día do Apicultor (17 de febreiro, Arzúa), Día da Abella (20 de maio, Allariz, Baiona e Narón), Mostra Galega de Apicultura (2 de xuño, Arzúa) e Feira dos Produtos Apícolas (16 de setembro, Allariz).

Servizos

Seguro apícola (RC e multirrisco) / Seguros para a recollida enxames e retirada niños de *Vespa velutina* / Plan Apícola / Servizos veterinarios / Convenio I12 - Recollida de enxames

Viaxe apícola

Viaxe a Tenerife e asistencia ó Congreso Nacional de Apicultura.

Loita contra a *Vespa velutina*

Plataforma Stop Velutina (45 entidades integrantes) / Grupo de investigación (intercambio de información e propostas entre universidades e AGA) / Divulgación (charlas, exposicións e divulgación xeral).

Cambio normativa etiquetaxe do mel

Participación en mobilizacións a nivel estatal para promover unha etiquetaxe clara do mel.

Información sobre subvencións varias

Asociacionismo

Participación en Beelife Coordinadora Europea de Apicultura, Plataforma Stop Velutina, Greenpeace, CODACC, AFCA, Coalición Europea «Salvar as Abellas», Mel de Galicia, Plataforma Etiquetaxe Clara e SLG.

Actividades das DAGAs

Formación, divulgación, loita contra a *Vespa velutina*, feiras do mel e dos produtos apícolas.

PROGRAMA AGA 2019

Información e asesoramento

Arzúa, a diario de 10 a 14 e de 16 a 18 h / Correos apícolas, circulares informativas / Emails informativos AGA INFORMA, web e facebook.

Formación

Cursos básicos (primavera, varios lugares de Galicia), especialización (EGA - Allariz, Abella Meiga - Outeiro de Rei e Apilarouco - Cualedro) e xornadas técnicas. (Ver programa detallado a continuación).

Xornadas e feiras

Día do Apicultor (9 de febreiro, Arzúa), Día da Abella (20 de maio, Allariz e DAGAs), Mostra Galega de Apicultura (1 de xuño, Arzúa), Feira dos Produtos Apícolas (15 setembro, Allariz).

Loita contra o tártago de patas amarelas

. Divulgación: Xornadas sobre a *Vespa velutina* (30 de marzo en Allariz, no outono en Viana do Bolo e Monforte)

. Loita institucional: Plataforma Stop Velutina e mobilizacións (4 de abril en Ourense)

. Investigación: Manter contacto e intercambio de información entre AGA e os investigadores das diferentes universidades galegas.

Servizos

. Laboratorio de AGA: a partir de setembro 2019, no Enredo do Abelleiro.

. Concurso de Meles do País: 1ª edición colleita do 2019.

. Información e asesoramento novos apicultores/as: incorporación agraria e outras subvencións.

. Convenio co Sindicato Labrego Galego SLG: formación, asesoramento e servizos entre AGA e SLG.

. Plan Apícola.

. Servizos veterinarios.

. Seguro apícola e outros seguros (recollida enxames e retirada niños tartagueiros de *Vespa velutina*).

. Convenio I12: Recollida de enxames.

Apiturismo

. Viaxe a Grecia en outono

. Busca de estancias de formación para novos/as apicultores/as.

. Promoción do apiturismo: publicación sobre o patrimonio apícola de Galicia e outras actividades.

Asociacionismo

Participación en Beelife, CODACC, AFCA, Mel de Galicia, Greenpeace, Coalición Europea «Salvar as Abellas», Plataforma Stop Velutina, Plataforma Etiquetaxe Clara e SLG.

Posicionamento de AGA

Preparación colectiva dun documento cos principios de AGA e o modelo de apicultura para Galicia, destinado a utilizar ante as entidades coas que nos relacionamos e manter a nosa posición en vista dos próximos cambios nas axudas á apicultura na UE para o 2020.

DAGAs

Formación, divulgación, loita contra a *Vespa velutina*, feiras do mel e dos produtos apícolas.

Xornadas e Programa de formación 2019

XORNADAS E FEIRAS 2019

Durante o 2019 organizaremos varias xornadas e eventos con diversos contidos, dos que adiantamos a continuación a información que iremos completando ó longo do ano a través dos vindeiros correos apícolas e a web de AGA.

Mostra Galega de Apicultura

O día 1 de xuño, en Arzúa, celebraremos a 34ª edición desta tradicional cita abelleira.

Trataremos interesantes temas como, por exemplo, a importancia da cera na saúde da colmea ou a rica variedade dos produtos das abellas, coa participación de persoas con experiencias tanto na elaboración dos produtos coma no seu consumo.

Día da Abella, 20 de maio

AGA celebrará esta xornada en Allariz, no Festival Internacional de Xardíns, cunha actividade divulgativa dirixida ó público infantil.

As DAGAs tamén celebrarán o Día da Abella con diferentes actividades, das que iremos informando ós socios e ás socias.

Feiras do mel e dos produtos apícolas

Este será un ano de ampliación e consolidación das feiras do mel e dos produtos apícolas por toda Galicia. Aquí vai unha listaxe coas feiras que temos confirmadas na data de hoxe e ás que se irán sumando outras ó longo do ano:

. Feira dos Produtos Apícolas de Allariz

15 setembro. Organiza AGA

. Feira do Mel no Morrazo

18 de agosto en Moaña. Organiza DAGA Morrazo

. Feira do Mel e dos Produtos Ecolóxicos

19 e 20 de outubro en Narón. Organiza DAGA Ferrol

. Apisalnés, 23 e 24 de novembro

en Vilagarcía de Arousa. Organiza DAGA Salnés

. XXXI Feira do Mel de Ortegal

novembro en Ortegal. Organiza DAGA Ortegal

. Feira das Rías Baixas, 18 e 19 de maio

Gondomar. Organiza DAGA Rías Baixas



CURSOS BÁSICOS

Horario: sábado de 10 a 14 e de 16 a 20 h (teoría)
domingo de 10 a 14 h (prácticas)

- Inclúe: publicación "Curso de Apicultura" de AGA
- Prezo: 50 € / de balde para socios e socias
- Participantes: mínimo 15 persoas, máximo en función do aforo do local
- Prácticas: é preciso traer traxe apícola. O horario e o día das prácticas poderán modificarse en función da climatoloxía

- Calendario de datas e lugares:

Gondomar, DAGA Rías Baixas

Centro Neural, 16 e 17 de marzo

Vilagarcía de Arousa, DAGA Salnés

Casa da Cultura de Galáns, 23 e 24 de marzo

Lugo, 6 e 7 de abril

Centro de Convivencia de Fingoi

Narón, DAGA Ferrol

AAVV Rosa dos Ventos, Sedes, 13 e 14 de abril

Lourenzá, Local do SLG, 13 e 14 de abril

Allariz, EGA, Paciños, 4 e 5 de maio

Folgo do Courel

Casa do Concello, 4 e 5 de maio

Abegondo, Casa das Abellas, 4 de maio e 2º día pendente confirmar (en horario de mañá)

Pontearreas, 11 e 12 de maio

Pendente confirmar local

Ribadavia, Local SLG, 18 e 19 de maio

Ortegal

Centro Social San Adrián, 18 e 19 de maio

Ordes

Local do SLG, 8 e 9 de xuño

Moaña, DAGA Morrazo

Casa da Mocidade O Rosal, 22 e 23 de xuño

. Inscripcións cursos básicos

Data límite unha semana antes do curso. Enviar a ficha de inscrición incluída neste Correo Apícola e o xustificante de pagamento a:
info@apiculturagalega.es

Programa de formación 2019

CURSOS ESPECIALIZACIÓN

ABELLA MEIGA

Marcos e Jara Varela

Lugar: Instalacións de Abella Meiga en Outeiro de Rei (Lugo)

Xornada Reprodución básica

- . Data: 18 de maio de 2019
- . Horario: 10.30 a 14.00 h e 16.00 a 19.00 h
- . Participantes: só para socios/as de AGA
Mínimo 10, máximo 20
- . Prezo: 30 €

Curso Reprodución Nivel 1:

Formación de núcleos e obtención de mestras

- . Data: 15 e 16 de xuño de 2019
- . Horario: 10.30 a 14.00 h e 16.00 a 19.00 h
- . Entrega de material: unha raíña virxe e o resumo do curso en formato dixital
- . Participantes: só para socios/as de AGA
Mínimo 10, máximo 20
- . Prezo: 65 €

Curso Reprodución Nivel 2:

Métodos de selección e cría de mestras. Transvase

- . Data: 29 e 30 de xuño de 2019
- . Horario: 10.30 a 14.00 h e 16.00 a 19.00 h
- . Entrega de material: unha raíña virxe e o resumo do curso en formato dixital
- . Participantes: só para socios/as de AGA que teñan feito o curso de nivel I. Mínimo 10, máximo 20.
- . Prezo: 65 €
- . Sorteio: entre os asistentes interesados sortearase unha incubadora de raíñas artesanal (usada pero perfectamente operativa).

. Inscricións:

Ata sete días antes do inicio ou ata cubrir prazas. Para confirmar a inscrición hai que facer unha transferencia de 15 € non devolvibles no caso de cancelación. O resto pagarase en metálico ó inicio do curso. Contactar por teléfono, 619 744 685 ou por correo-e (abellameiga@gmail.com) para cubrir solicitude.

APILAROUCO


Lugar: Centro de Interpretación dos Castros (ó lado do cuartel da Garda Civil) en Cualedro e instalacións de Montalegre Mel en Portugal.

Crecedemento do apiario e cría de raíñas

- . Datas: 8 e 9 de xuño
- . Horario: De 10 a 13 h e de 15 a 18.30 h
- . Modalidade: practico-teórica (aula e apiario)
- . Entrega de material: documentación variada sobre temas tratados (formato dixital) e raíña virxe engaiolada.
- . Dereito de admisión á comunidade Apilarouco (integrada por máis de 100 apicultores de toda Galicia)
- . Participantes: só para socios/as de AGA
Mínimo 15, máximo 30
- . Prezo: 50 €

. Inscricións:

Ata sete días antes do inicio ou ata cubrir prazas. Contactar por teléfono, 665 820 171 ou por correo-e a apilarouco@outlook.es para cubrir solicitude. Reserva de praza logo pago por anticipado



Programa de formación 2019

XORNADAS TÉCNICAS

SESIÓNS PRÁCTICAS SOBRE SANIDADE APÍCOLA

Serán impartidas polos veterinarios de AGA. En función da climatoloxía esta actividade poderá ser adiada ou suspendida, se non fose posible atopar unha data alternativa. As persoas inscritas recibirán información por email cuns días antelación.

- Horario: De 11 a 14 h
- Participantes: Só para socios/as de AGA. Mínimo 10, máximo 20
- Prezo: De balde, logo de inscrición
- Prácticas: a localización do apiario será comunicada ós inscritos cuns días de antelación. É preciso traer traxe apícola.
- Calendario e lugares:
 - . Carballo, 6 de abril - DAGA Bergantiños
 - . Boiro, 6 de abril - DAGA Barbanza
 - . Moaña, 4 de maio (horario de 16 a 19 h) DAGA Morrazo
 - . A Gudiña - 11 de maio
 - . O Corgo - 18 de maio
 - . Abegondo (Casa das Abellas) Data pendente confirmar (xuño-xullo) DAGA A Coruña
 - . Ortigueira, 23 de xuño (horario de 17 a 19 h) DAGA Ortegá

XORNADA PRÁCTICA SOBRE A CERA

- Data e horario: 15 de xuño, de 10 a 14 h e de 16 a 17 h
- Lugar: Apícola Carballal - Untes, Ourense
- Participación: Só para socios/as de AGA, ata cubrir aforo
- Prezo: De balde, logo de inscrición
- Programa:
 - . A importancia da cera na saúde da colmea
 - . Diferentes alternativas para a súa renovación
 - . O procesado e laminado da cera
 - . Visita instalacións Apícola Carballal: a cera, o mel, material apícola e elaboración de cervexa.

FORMACIÓN SOBRE PREVENCIÓN DE RISCOS EN APICULTURA

- Charla organizada en colaboración co Sindicato Labrego Galego, que impartirá un técnico especializado desta entidade.
- Data e hora: 15 de xuño, ás 17 h.
 - Lugar: Apícola Carballal - Untes, Ourense
 - Participación: Ata cubrir aforo
 - Prezo: De balde, logo de inscrición

Inscricións xornadas técnicas:

Data límite unha semana antes da xornada.

Enviar a ficha de inscrición incluída neste Correo Apícola a info@apiculturagalega.es

Última hora !

CAMBIO NA NORMATIVA DA ETIQUETAXE DO MEL

Ante as mobilizacións convocadas a finais do 2018, reivindicando o cambio na normativa da etiquetaxe do mel, e froito das negociacións mantidas entre sector apícola e Ministerio de Agricultura, acaban de comunicar dende o goberno a modificación do RD 1049/2003 relativo á calidade do mel, que previsiblemente entrará en vigor durante esta primavera. Os cambios reflexados, que teñen como obxectivo a protección do sector apícola e a garantía da calidade e orixe do mel de cara ós consumidores e consumidoras, serán os seguintes:

1. Deberán mencionarse na etiqueta o país ou países de orixe, en orde decrecente de peso, indicando a porcentaxe de cada un deles.

2. Cando o mel sexa sometido a un tratamento térmico por enriba dos 45 °C, indicarse na etiqueta “mel tratado con calor”, así como aquel que non fora sometido a esta temperatura poderá incluír a mención “mel obtido en frío”.

Escola Galega de Apicultura, Allariz

PROGRAMA DE FORMACIÓN EGA 2019

Xornada sobre a *Vespa velutina*

- . Data: 30 marzo en Paciños, Allariz
- . Participación: Aberta a todo o público interesado, ata completar aforo
- . Prezo: De balde, logo de inscrición
- . Xantar: 8 €, logo de reserva

. Inscricións:

Por email a info@apiculturagalega.es ou tel. 981 508 142 ata o 27 de marzo, para asistir á xornada e tamén para reservar o xantar

Programa

Ás 10 h.

- . Bioloxía e coñecemento sobre o tártago asiático: Ciclo biolóxico e comportamento da *Vespa velutina*, situación en Ourense. Por Joaquín Lozano, veterinario de AGA.
- . O que aínda non sabemos da *Vespa velutina*. Por Suso Asorey, biólogo e voceiro de AGA.

Ás 11 h.

- . Estratexias de loita: trampeamento, protección das colmeas e retirada de niños tartagueiros.
- . Trampeamento preventivo e selectivo. Por José M^a Bello, DAGA Morrazo.
- . Protección das colmeas coas arpas eléctricas. Por Rafa Díaz, DAGA Ferrolterra.
- . A retirada de niños tartagueiros. Por Miguel Ángel López, Protección Civil de Allariz.

Ás 13 h.

- . Obradoiro: Elaboración e uso de trampas (por grupos, ata cubrir o aforo das aulas).

Ás 16 h.

- . Loita institucional: asociacionismo e Plataforma Stop Velutina. Por Pepe Torres e Paula Souto, directiva de AGA.

Ás 16.30 h.

- . Presentación dos diferentes modelos de arpas eléctricas. Por construtores e empresas especializadas.

Ás 17.30 h.

- . Obradoiro: Manexo das colmeas e uso das arpas eléctricas (por grupos, ata cubrir o aforo das aulas).

De 10 a 19 h.

- . Exposición «Loita contra a *Vespa velutina*». Información xeral sobre o tártago asiático, construtores de arpas eléctricas e as outras ferramentas de loita. A día de hoxe temos confirmada a participación de: SANVE - Eugenio Pichel, Fernando Cores, Benigno Fernández, Apiyago, Apícola Regueira e Vel-Zapper. Na web de AGA iremos actualizando a listaxe de expositores.

Concentración abelleira:

4 de abril en Ourense

Durante a xornada anunciaremos a convocatoria dunha concentración abelleira para o día 4 de abril a partir das 11 h. diante da Delegación Xunta de Galicia en Ourense (Av. da Habana, 79) para reivindicar a implicación real e efectiva da Xunta de Galicia neste grave problema das abellas e do medio ambiente, que xa está afectando de forma importante a provincia de Ourense. Contamos coa vosa participación, traede os traxes apícolas e afumadores.

Xornada sobre apicultura e fruticultura

- . Data e horario: 11 de maio, de 11 a 14 e de 16 a 18 h, en Paciños (Allariz)
- . Participación: Ata cubrir aforo
- . Visita de campo: No mes de xullo organizaremos unha xornada de campo
- . Prezo: 20 € para socios/as de AGA / 40 € para o resto

. Inscricións:

Data límite unha semana antes do curso. Enviar a ficha de inscrición (incluída neste Correo) a info@apiculturagalega.es

Programa

- . Diversificación en apicultura e as explotacións mixtas.
- Por Suso Asorey, biólogo e voceiro de AGA
- . Usos do monte e a apicultura. Diego Sánchez, enxeñeiro forestal do SLG
- . Casos prácticos: A produción de mazás en ecolóxico, castañas, froitos vermellos (arandos, framboesas, etc.) e outros produtos. Coa participación de varios técnicos e produtores especializados

OUTRAS XORNADAS

Adiantamos que no outono organizaremos outras xornadas formativas, das que informaremos en vindeiros correos apícolas e na web:

Selección e cría de raíñas

Coa participación de varios relatores especializados de Galicia e Portugal. Destinada a apicultores e apicultoras con experiencia.

Formación de formadores

Dirixida ás persoas interesadas en formarse para dedicarse á actividade de formación apícola.

Próximas actividades das DAGAs

DAGA BERGANTIÑOS

Xornada práctica sobre a própole e o pole

- . Por Juan Guijarro, apicultor profesional
- . Data e lugar: 4 de maio. Espazo da Natureza de Oza (antiga escola unitaria), Carballo
- . Máximo: 25 participantes (por orde de inscrición)
- . Prezo: De balde para socios/as de AGA, 20 € para o resto
- . **Inscricións:** Ata unha semana antes da xornada, enviar a ficha de inscrición (incluída neste Correo) a info@apiculturagalega.es

DAGA SALNÉS

Manexo produtivo da colmea vertical

- . Por Hugo Negrioli, apicultor profesional
- . Data e lugar: 30 de marzo, na Casa da Cultura de Galáns, Vilagarcía de Arousa
- . Horario: De 10 a 14 e de 16 a 20h
- . Participantes: Mínimo 20 e máximo 30
- . Prezo: 50 € socios/as de AGA e 80 € para o resto

Curso reprodución e cría de raíñas

- . Por Apilarouco
- . Data e lugar: 6 e 20 de abril, na Casa da Cultura de Galáns, Vilagarcía de Arousa
- . Horario: De 10 a 14 e de 16 a 20 h
- . Prezo: 50 € socios/as de AGA e 80 € para o resto
- . Participantes: Mínimo 20 e máximo 30

Charla sobre a elaboración de meles crema

- . Por Gonzalo Calvo, veterinario de AGA
- . Data e lugar: 10 de maio en Erica Mel, Arzúa
- . Horario: de 16.30 a 18.30 h. por Gonzalo Calvo
- . Prezo: De balde, só para socios/as de AGA
- . **Inscricións:** Ata unha semana antes do curso. Contactar coa DAGA Salnés no email dagasalnes@gmail.com ou no tel. 637 323 904

DAGA MORRAZO

Charla sobre Apicultura Ecolóxica

- . Por Perfecto García, apicultor en ecolóxico
- . Data e lugar: 4 de maio, na Casa da Mocidade O Rosal - Moaña
- . Horario: De 11 a 13.30 h
- . Prezo: De balde, só para socios/as de AGA

Obradoiro arpas eléctricas

- . Data e lugar: 18 de maio. De 10 a 13 h Casa da Mocidade - O Rosal. Moaña
- . Só para socios. Máximo 30, preferencia socios DAGA
- . **Inscricións:** Ata unha semana antes da xornada. Enviar a ficha de inscrición (incluída neste Correo) a info@apiculturagalega.es

DAGA RÍAS BAIXAS

Xornada de multiplicación do apiario

- . Por Xosé Manuel Docampo, apicultor
- . Data e lugar: 11 de maio Centro Neural, Gondomar
- . Horario: De 10 a 14 e de 16 a 20 h
- . Prezo: De balde
- . Participantes: Só para socios/as de AGA. Mínimo 15 e máximo 25
- . **Inscricións:** Contactar coa DAGA Rías Baixas no tel. 620 822 229 ou email daga.riasbaixas@gmail.com

DAGA FERROL

Reprodución e selección do apiario

- . Data e lugar: Inicio 27 de abril AAVV Sedes (Narón)
- . Horario: De 10 a 14 e de 16 a 20 h
- . Prezo: 20 € socios/as de AGA e 50 € para o resto

Obradoiros e xornadas:

- . Elaboración dos licores artesanais de mel e xabóns do apicultor, 16 de marzo
- . Xornada sobre a própole e o pole 6 de abril
- . Obradoiro sobre o procesado da cera, 11 de maio
- . Participantes: Máximo 20
- . Prezo: 10 €.

Programa de sensibilización medioambiental STOP Vespa velutina

- . Charlas sobre o trampeamento selectivo de raíñas fundadoras.
- . **Inscricións:** Contactar coa DAGA Ferrolterra por email dagaferrol@hotmail.com

DAGA ORTEGAL

Curso de perfeccionamento

- . Por persoal DAGA Ortegal
- . Data e lugar: 19 de maio Centro Social San Adrián, Ortigueira
- . Prezo: De balde, só para socios/as de AGA
- . **Inscricións:** Ata unha semana antes da xornada, enviar a ficha de inscrición (incluída neste Correo) a info@apiculturagalega.es

AGA informa

A ALIMENTACIÓN NO CALENDARIO APÍCOLA

A alimentación é un tema de máxima actualidade no sector, polas novas necesidades nas colmeas derivadas dos cambios que está sufrindo o medio ambiente, como o cambio climático ou a Vespa velutina. No Día do Apicultor, Antonio Gómez Pajuelo ofreceu un relatorio sobre alimentación no que recalcou que sempre hai que adaptarse ás condicións de cada colmea e avaliar se é preciso ou non alimentar, para que e con que, tendo coidado ademais de non excederse con esta práctica ou utilizar unha alimentación incorrecta, pois o efecto pode ser negativo para as abellas e a calidade do mel. Tamén participou nesa sesión Suso Asorey, voceiro de AGA e biólogo, que formulou o dilema de se é realmente necesario alimentar as colmeas, xa que en Galicia as abellas teñen unha flora suficiente na natureza para cubrir as súas necesidades de nutrición durante todo o ano. Engadiu tamén Asorey que só en casos concretos de escaseza de reservas na

colmea —situación que pode comprobarse de diferentes maneiras— sería aconsellable alimentar.

A técnica agrícola Fina Gonell, de Pajuelo Consultores Apícolas, ofreceu tamén unha palestra e obradoiro sobre alimentación no Curso de Sanidade e Manexo Apícola que se celebrou na Escola Galega de Apicultura o pasado outono. Segundo Gonell, unha falta de nutrición afecta a abella adulta e a alimentación larval e a súa calidade, con impactos na seguinte xeración e na supervivencia da colonia. Ademais, coa presión da Vespa velutina nas colmeas no verán, é necesario avaliar os efectos causados por non poder saír as abellas e cómpre establecer un cambio de estratexias de manexo no apiario, procurando achegarlles a comida que non colleitaron no exterior, de resultar preciso.

Na web de AGA pódense descargar as presentacións completas dos relatorios do Día do Apicultor e un artigo sobre a palestra de Fina Gonell.

APITURISMO EN GRECIA

Grecia será o destino da viaxe que organiza AGA para este outono.

Para iso contará coa colaboración de Anel, empresa grega de material apícola que tamén dedica parte da súa actividade ó apiturismo.

A viaxe incluírá a visita ás instalacións de Anel, explotacións apícolas, centros de divulgación apícola e outras actividades de tipo cultural, como a visita a Atenas e outros lugares de interese turístico.

As datas previstas da viaxe serán entre o 29 de setembro e o 5 de outubro, cunha duración de seis ou sete días.

As persoas interesadas deben realizar unha preinscrición antes do 15 de abril para recibir información dos detalles da viaxe e o prezo.

Despois abrírase un novo prazo para formalizar a reserva, para o que se realizará un primeiro pagamento como anticipo.



PLAN APÍCOLA 2019



Temos información por parte da Xunta de Galicia de que o Plan Apícola 2019 sairá publicado durante este mes de marzo.

AGA enviará unha circular ós socios e ás socias, en papel e correo electrónico, coa información necesaria para solicitar esta axuda. Aconsellamos prestar atención ó correo durante este mes e, no caso de non recibir nada, poñerse en contacto coa asociación. Lembramos que, como todos os anos, son requisitos necesarios para poder recibir esta subvención:

- . estar dado de alta no Rexistro de Explotacións Apícolas de Galicia antes do 1 de xaneiro de 2019**
- . ter realizada a actualización do caderno na Oficina Agraria antes do 1 de marzo do 2019 e**
- . ter contratado un seguro de responsabilidade civil, a través de AGA ou por conta propia**



PASIVIDADE DA XUNTA DE GALICIA ANTE AS DEMANDAS DA PLATAFORMA STOP VELUTINA

A Plataforma Stop Velutina, sector apícola e científico uníronse na loita contra o tártago asiático de patas amarelas, elaborando de forma conxunta unha serie de propostas dirixidas ás Consellerías do Medio Rural e Medio Ambiente e presentadas no pasado mes de novembro, nas que demandamos unha liña de financiamento específico para investigación e axudas ó sector apícola para facer fronte á protección das colmeas.

Mais a Xunta de Galicia non deu resposta a estas solicitudes por ningunha vía, nin sequera quixo recibirnos para poder expoñer as nosas demandas. Tamén houbo outras accións a través da vía parlamentaria, tanto a nivel galego coma estatal, e presentáronse varias veces as demandas por rexistro. Pero a resposta da Xunta segue a ser o silencio. Pola contra, as Plataformas Stop Velutina Asturias e Cantabria si que están obtendo resultados, sendo recibidas polas administracións autonómicas respectivas, admitindo as súas propostas e dispoñendo os orzamentos necesarios.

Por todo isto, dende AGA pensamos que debemos comezar a considerar outra serie de accións para que se nos teña en conta dunha vez por todas. Para iso, a Plataforma Stop Velutina Galicia, da que forman parte 45 entidades, debe continuar medrando coa adhesión de máis concellos afectados, asociacións, colectivos e cidadanía, para reclamar dende a unión de todas estas forzas que a administración tome en serio este problema.

XORNADA SOBRE A VESPA VELUTINA EN ALLARIZ

O vindeiro 30 de marzo AGA organizará una xornada sobre a *Vespa velutina*, o tártago de patas amarelas ou asiático, en Allariz, nas instalacións da Escola Galega de Apicultura (en Paciños), dirixida principalmente a apicultores e apicultoras de Ourense. Esta provincia é un dos últimos territorios colonizados polo tártago asiático en Galicia e onde se prevé un avance importante para este ano. Sendo Ourense a provincia con maior número de profesionais do sector apícola e unha das que teñen máis colmeas, o dano económico pode ser moi importante, ademais do ambiental e social. Por iso, o principal obxectivo desta xornada será ofrecer información para combater esta praga, aprendendo as técnicas e ferramentas que amosaron eficacia noutras zonas de Galicia onde xa levan tempo con esta loita.

Tamén vai destinada ós concellos, tanto a responsables políticos coma ó persoal técnico, para que se impliquen por un lado na loita institucional, a través da Plataforma Stop Velutina, pero tamén na loita práctica, con campañas de prevención e información entre a veciñanza, así como organizando equipos de traballo eficientes.

Calquera persoa con sensibilidade sobre as abellas e ambiente poderá igualmente participar nesta xornada, para coñecer como está afectando este insecto invasor na nosa contorna e de que maneira poden colaborar. Ver o programa completo da xornada na páxina 6 deste Correo Apícola.

MOBILIZACIÓN STOPVELUTINA, 4 DE ABRIL, EN OURENSE

Ante a pasividade da Xunta de Galicia e en previsión da grande afectación que terá o avance do tártago de patas amarelas en Ourense, AGA convocará unha concentración abelleira o día 4 de abril a partir das 11 h ante a Delegación da Xunta de Galicia en Ourense, Av. da Habana 79.

Facemos un chamamento a todos os socios e socias de AGA a participar, que ampliamos tamén ós concellos, organizacións do sector apícola e outros afectados, así como á cidadanía en xeral, pois este é un problema que afecta a todos e todas.

Acudiremos cos nosos traxes abelleiros e afumadores, así como con outros materiais que chamen a atención dos medios e da administración, para que se nos vexa e se nos escoite.

O obxectivo será que a Xunta admita as nosas demandas e que poña os medios para que se leven á práctica, cun plan de loita eficiente e o financiamento necesario, tendo en conta ós sectores afectados.

Xa levamos tempo loitando polas vías administrativas e parlamentarias, sen conseguir ningunha resposta ata o de agora. Por iso é momento de mobilizarse e esixir xa ó Goberno que actúe.

Panal de anuncios

PARTICULARES

- . Vendo núcleos de 5 cadros con raíña nova, entrega a mediados de abril.
Zona Vigo-Pontevedra. José María Bello. Tel.: 659 843 311
- . Vendo colmeas con abellas e enxames. Zona Betanzos. Gerardo Patiño. Tel: 618 088 527
- . Vendo núcleos Langstroth de 5 cadros fortes para pasar a colmea, raíña seleccionada.
Entrega en maio. David Verín, Tel.: 619794088
- . Vendo núcleos Langstroth de 5 cadros. Entrega a finais de maio-principios de xuño.
Sur provincia de Lugo. Jose. Tel.: 616384887
- . Vendo raíñas sen fecundar a 8 €. José Manuel García. Tel.: 697 136 300
Email: ladespensadesamos@gmail.com
- . Vendo material 2ª man: Madurador, elevador caixa, extractor manual e outros.
Juan José Garrido. Ponte Caldelas, Tel.: 620 799 106
- . Vendo núcleos Langstroth de 5 cadros (3 cría + 2 alimento) con raíña do ano seleccionada e
marcada. Finais de maio. Jose Verín (Ourense), Tel.: 665820171

ARPAS ELÉCTRICAS

- . Fernando Cores, A Pobra do Caramiñal.
Tel: 981831000 – 609831755 / Email: soporte@arpaelectrica.es / Web: www.arpaelectrica.es
- . Vel-Zapper, Vigo. Email: velzapper@gmail.com
- . Eugenio Pichel - SANVE, Santa Comba. Tel. 699 923 384 / Web: sanve.weebly.com
- . Pastores Zagal, León. Tel. 987 204 852 - 633 099 003 / Email: correo@pastoreszagal.com
Web: www.pastoreszagal.com
- . Pablo Freire, Santiago de Compostela. Tel. 609 77 27 11 / Email: nojareda5@gmail.com
- . Benigno Fernández, Touro. Tel.. 630 202 083 / Email: arpaelectricsananton@gmail.com
- . Jesús Varela, Lugo. Tel. 654 855 528

TENDAS APICULTURA

- . **APÍCOLA GONZÁLEZ CARBALLAL**
Carretera nacional 120, Km 578. Untes. Ourense
Tel: 988 258 578/ Email: gonzalezcarballal@hotmail.com
- . **APIYAGO**
Rúa das Hortas, 15, e Vilacoba, Aríns. Santiago
Tel.: 981 585 086 - 981 549 211 - 616 096 508 / Email: apiyago.api@gmail.com
- . **APÍCOLA REGUEIRA**
Reboredo, 6, Fragas. 36118 Campo Lameiro. Pontevedra
Tel.: 617 202 131/ Mail: info@apicolaregueira.com
- . **APÍCOLA RJ**
Rúa Dous de Maio, 37. Xinzo de Limia. Ourense
Tel.: 658 040 548 / Email: apicolarj@gmail.com / Web: www.apicolarj.es



Laboratorio de AGA e Concurso de Meles do País

AGA poñerá en marcha este ano un novo servizo destinado a promover a comercialización do mel dos socios e socias. Será un laboratorio para analizar o mel e mellorar o coñecemento do noso produto, así como aumentar a calidade e valor del.

Está previsto que o laboratorio comece a funcionar a partir de setembro do 2019 e estará localizado en Arzúa, no Enredo do Abelleiro, entidade que colaborará cedendo as instalacións e parte do material do seu laboratorio.

Para a súa implantación contamos co asesoramento da empresa Pajuelo Consultores Apícolas e a cualificación profesional dos veterinarios de AGA. Nun principio, o proxecto vai dirixido principalmente a analizar o mel, pero tamén se irán incorporando outro tipo de análíticas, como, por exemplo, de tipo sanitario.

Paralelamente á actividade do laboratorio, convocaremos o Concurso de Meles do País. Todas as mostras dos socios e das socias de AGA analizadas poderán participar neste concurso, no que haberá diferentes categorías, e os premios irán destinados á promoción e á comercialización dos meles gañadores. A primeira edición do concurso convocarase para a colleita do mel deste ano 2019 e as bases de participación publicaranse proximamente.

**Envíanos o teu mel e
participa no
Concurso de Meles do País**



AGA

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA

Feira Nova s/n, Santa María
15819 Arzúa. A Coruña
T. 981 508 142
E-mail: info@apiculturagalega.es
www.apiculturagalega.es